

ESPELLOS Nº 3

Christian Petzold, 2025

1714

ESTREA EN NUMAX: 10.04.2026 | V.O.S.E. | 86 min

Unha moza estudante de música sofre un accidente de coche no que morre o seu mozo. ilagrosamente sae ilesa e é acollida por unha estraña familia. Tras pasar un tempo con eles atopa o apoio para recuperarse pero decátase de que algo nesa familia non vai ben. Daquela empeza a preguntarse quen son realmente e que escuros segredos agochan.

«Unha historia de ausencias e reflexos que rende tributo a Hitchcock. Conta cunha grande actuación de Paula Beer»

Alejandro Lingenti, LA NACIÓN



Entrevista con Christian Petzold: «Escribín toda a historia de 'Espellos nº3' ao longo dunha soa noite e nunha soa páxina»

Por Daniela Urzola

O título da película alude a Ravel e o seu carácter impresionista tradúcese tamén en termos narrativos e formais no filme. A música de Maurice Ravel foi a miña banda sonora durante a rodaxe, pero a orixe da película remóntase a anos atrás co meu mellor amigo, Harun Farocki, con quen escribín moitos guións. Unha vez díxome que *Orfeo* (1950), de Jean Cocteau, era a súa película favorita. Nela o espello é a fronteira entre a vida e a morte. Detrás do espello, está o outro lado. É un símbolo do que adoitabamos falar moito. Escribín a historia de *Espellos nº 3* nunha noite, só unha páxina. Unha moza á beira do suicidio sofre un accidente e é atopada por unha muller maior. Como en *Rebeca* (1940), de Hitchcock, entra nunha casa habitada pola pantasma dunha filla morta; unha pantasma que ela dalgún xeito materializa. Ao chegar a esta idea, acordeime de *Orfeo*. Así que tiña a historia e a peza de Ravel, e todo encaixou. Era coma se esta música fose o espello da nova Laura, e ela estivese a pasar o espello ao mundo dos mortos para recibir unha nova vida.

Esta ponte entre a vida e a morte faime pensar nese plano ao comezo, cando Laura ve a un home remando no río. Isto parece aludir ao subtítulo da obra de Ravel (*Un bateau sur l'océan*) pero tamén evoca un imaxinario dantesco. Nacín entre dúas grandes cidade: Düsseldorf e Wuppertal. Cada unha ten o seu propio río: o Rin e o Wupper. O Rin é como unha autoestrada para barcos. Recordo que, cando era neno, os meus pais levábanos alí para velos pasar. E había moita xente facendo o mesmo, porque é unha especie de desexo o feito de deixar atrás a túa vida ou de empezar unha nova, nun novo lugar. Logo está o Wupper. En Alemaña hai un dito que se utiliza cando alguén morre: "cruzou o Wupper". É unha imaxe común, relacionar a morte co acto de cruzar o río. Así que o Rin é o camiño e o Wupper é a fronteira entre a vida e a morte. Para min, todo o cine son estes dous ríos. Esa imaxe de estar nunha ponte, mirando a auga, pode representar o momento antes do suicidio ou pode significar que estás a soñar esperto. Pode ser a morte e pode ser a vida. Logo Laura baixa á canle e pasa un home remando, vestido completamente de negro. Iso lembroume un cadro moi famoso de Arnold Böcklin, "A illa dos mortos".

O prólogo e o epílogo reflicten a viaxe non só de Laura senón, tamén, dos outros personaxes. Todos eles recuperan a posibilidade de futuro a través dos demais. Con todo, hai un momento ao final, cando se corta a negro para mostrar logo a Laura no apartamento, onde a peza musical queda sen resolver, case como unha pregunta sen resposta... Unha das primeiras películas de Antonioni que vin foi *A aventura* (1960). Nunha escena, os protagonistas pasan por unha escaleira nunha aldea e alí hai uns homes que miran a fermosa muller. Aproximadamente un ano despois do tráxico suceso que lles acontece, pasan pola mesma escaleira. Todo o seu mundo cambiou pero nas escaleiras están os mesmos homes a mirar. Tempo despois lin un diario de Antonioni no que dicía que puxera aos mesmos extras nas escaleiras para mostrar que todo era igual, pero á vez diferente. E esta foi a miña idea: ao principio, Laura está no seu apartamento, chega a casa e alí está o seu amor, pero tamén están a súa crise, o seu baleiro e o ceo oco que a rodea. Ao final, abre a porta do mesmo apartamento, óense os mesmos paxaros, os mesmos sons da cidade, vese a mesma cortina, pero todo cambiou por completo.